

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

- 1) **¿Cal das seguintes NON é unha función da presidencia dun órgano colexiado, segundo o establecido polo artigo 16 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia?**
 - a) Aseverar o cumprimento das leis e decretos.
 - b) Redactar as actas das sesións, visalas e certificar outro tipo de acordos.
 - c) Moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
 - d) Fixar a orde do día sen considerar aquelas peticións que puideran provir dos membros do órgano, cando así o considere oportuno.

- 2) **O uso de medios electrónicos por parte dos órganos colexiados está regulado:**
 - a) Na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
 - b) Na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
 - c) En ningunha das anteriores.
 - d) En ámbalas dúas Leis.

- 3) **Segundo o DECRETO 79/2023, de 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías de la Xunta de Galicia. ¿Cómo se estrutura a organización da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia?**
 - a) Na Presidencia de la Xunta e 11 Consellerías, dúas das cales ostentan rango de Vicepresidencia primeira e segunda.
 - b) En 7 Consellerías, dúas Vicepresidencias e a Presidencia da Xunta.
 - c) Na Presidencia da Xunta e 9 Consellerías, ademáis dos órganos institucionais da Xunta.
 - d) Na Presidencia da Xunta, unha Vicepresidencia e 11 Consellerías.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

- 4) **En materia de representación nun procedemento administrativo, regulada polo artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?:**
- a) Os interesados poderán actuar por medio dun representante nos casos nos que o procedemento indique manifestación expresa en contra dos mesmos.
 - b) As personas xurídicas poderán actuar en representación doutras ante as Administracións Públicas aínda que non esté indicado nos estatutos.
 - c) A representación poderá acreditarse mediante calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.
 - d) Para os actos de mero trámite esixírase explicitamente apoderamento *apud acta*.
- 5) **As Administracións Públicas só requirirán aos interesados o uso obrigatorio de sinatura en certos casos, en base ao establecido polo artigo 11 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Indicar cal das seguintes opcións é INCORRECTA.**
- a) Para declarar ou facer comunicacións.
 - b) Para a presentación de solicitudes ou recursos.
 - c) Para desistir dunha acción ou renunciar a un dereito.
 - d) Cando se teña empregado un sistema de sinatura electrónica baseada nun certificado electrónico cualificado.
- 6) **Os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse (artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas):**
- a) De calquera dos xeitos que o interesado considere, sempre que se acredite fidedignamente a súa representación.
 - b) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no extranxeiro.
 - c) No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como a calquera outro rexistro electrónico do ámbito establecido no artigo 2.1 da antecitada Lei.
 - d) Nas oficinas de correos, do xeito que regulamentariamente se estableza.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

- 7) **¿Cal dos seguintes trámites NON forma parte da instrución dun procedemento administrativo?:**
- a) Os actos de instrución.
 - b) As alegacións.
 - c) Os medios e períodos de proba.
 - d) O trámite de audiencia.
- 8) **Segundo o artigo 77 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e con carácter xeral, a clasificación dos empresarios como contratistas de obras ou servicios será esixible e surtirá efectos para a acreditación da súa solvencia para contratar nos seguintes casos e termos:**
- a) Para os contratos de obras nos que o valor estimado sexa inferior a 500.000 euros sen excepción.
 - b) Para os contratos de servicios nos que o valor estimado sexa superior a 18.000 euros.
 - c) A clasificación non será esixible en ningún caso cando se establezan requisitos específicos de solvencia nos pregos do contrato.
 - d) Todas as respostas son incorrectas.
- 9) **Sobre o contido dos proxectos de obras (artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público), con carácter xeral deberán comprender, alomenos:**
- a) Memoria descriptiva, planos de conxunto e detalle e prego de prescripciones técnicas particulares.
 - b) Memoria descriptiva, planos de conxunto e detalle e orzamento con expresión dos prezos unitarios e descompostos, medicións e resumo do orzamento.
 - c) Memoria descriptiva, planos de conxunto e detalle, prego de prescripcións técnicas particulares, orzamento, programa ou plan de obra, estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, estudo básico de seguridade e saúde.
 - d) Memoria descriptiva, planos de conxunto e detalle, prego de prescripcións técnicas particulares, orzamento e estudo xeotécnico e de xestión de residuos.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

- 10) **O diagrama de Pert (*Program Evaluation and Review Technique*) permite facer unha representación gráfica das tarefas dun proxecto. Indique cal das seguintes respostas NON é correcta:**
- a) O diagrama de Pert posúe unha estrutura similar ao diagrama de Gantt, mostrando a representación visual das tarefas dun proxecto.
 - b) O diagrama de Pert posibilita a creación dunha folla de ruta das actividades dun proxecto, establecendo as interdependencias e conexións entre unhas e outras.
 - c) No diagrama de Pert se poden expresar os distintos fluxos de actividade dun proxecto, o que permite analizar e xestionar o progreso de cada unha delas.
 - d) Este diagrama permite: identificar as tarefas dun proxecto, definir as dependencias entre elas, vincularlas entre sí, establecer un cronograma e xestionar o progreso das mesmas.
- 11) **Segundo o capítulo II do Título Preliminar da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, indique cal dos seguintes tipos de contratos se calificarán de acordo ás normas contidas na dita lei:**
- a) Os contratos de obras, servicios e subministros.
 - b) Os contratos de obras, de concesión de obras e concesión de servicios, suministro e servicios.
 - c) Os contratos de obras e de concesión de subministros e servicios.
 - d) Os contratos de concesión de obras únicamente.
- 12) **Segundo a Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público; ¿existe a posibilidade de fraccionar un contrato para diminuír a cuantía ou poder eludir os requisitos de publicidade?**
- a) Si, pero ten que existir dispoñibilidade orzamentaria
 - b) Sí, pero só no caso de contratos con valor estimado que non supere os 250.000 euros
 - c) Sí, pero só cando a tramitación sexa con carácter de urxencia
 - d) Non, en ningún caso.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

- 13) Segundo o Anexo II.h) da Lei 7/2012, do 28 de xuño, cal é a distancia mínima que deben respectar as novas repoboacións forestais con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural?:
- a) 10 metros cando se empreguen frondosas do anexo I, e 15 metros no resto das especies.
 - b) 10 metros cando se empreguen frondosas do anexo I, e 30 metros no resto das especies.
 - c) 15 metros cando se empreguen frondosas do anexo I, e 30 metros no resto das especies.
 - d) 25 metros cando se empreguen frondosas do anexo I, e 30 metros no resto das especies.
- 14) O artigo 68 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (relativo a "Distancias das repoboacións") establece que: Para edificacións, vivendas illadas e urbanizacións situadas a menos de 400 metros do monte, as distancias medíranse ata:
- a) A maior das edificacións.
 - b) O paramento destas.
 - c) O peche perimetral.
 - d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.
- 15) ¿Quén é o órgano competente para outorgar as autorizacións relativas aos aproveitamentos madeireiros segundo o artigo 92.1 da Lei 7/2012 de montes de Galicia?
- a) O/A xefe/a do Servizo de Montes da Xefatura Territorial correspondente.
 - b) O órgano inferior competente en materia forestal por razón do territorio.
 - c) O/A director/a xeral competente en materia forestal.
 - d) A titular da consellería competente en materia forestal.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

- 16) **Nos 30 primeiros metros das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, segundo o artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na súa disposición adicional terceira, non pode haber presenza das seguintes especies. Sinala cal das seguintes respostas é a correcta:**
- a) Pinus pinaster, Pseudotsuga menziesii e Cryptomeria japonica
 - b) Ulex europaeus, Pteridium aquilinum, e Cytisus spp
 - c) Eucalyptus spp, Quercus suber e Quercus ilex
 - d) Calluna vulgaris, Rubus spp e Robinia pseudoacacia
- 17) **¿Cal das seguintes infraestruturas preventivas non está contemplada nas redes de defensa contra os incendios forestais do distrito forestal?:**
- a) Rede de vixilancia e detección de Incendios forestais.
 - b) Rede de puntos de auga
 - c) Rede de faixas de xestión de biomasa
 - d) Rede de abastecemento de auga municipal
- 18) **Segundo o art 30 do texto consolidado da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, a cesión do uso e aproveitamento dos montes veciñais en estado de grave abandono ou degradación non poderá superar:**
- a) 30 anos.
 - b) 10 anos revisables ata un máximo de 50 anos.
 - c) 50 anos
 - d) A quenda da especie principal.
- 19) **Segundo o art 14 do texto consolidado da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común a expresión da vontade da comunidade veciñal recae:**
- a) No seu presidente elixido pola asemblea xeral
 - b) Na xunta directiva elixida pola asemblea xeral
 - c) Na asemblea xeral
 - d) Na asemblea ordinaria, e de non convocarse en prazo, na xunta de portavoces

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

20) Segundo o artigo 37 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, sinala cal das seguintes afirmacións é a correcta:

- a) En época de perigo alto está prohibido emprego de artefactos pirotécnicos.
- b) Na época de perigo alto non está permitido fumar ou facer lume de calquera tipo.
- c) En caso de IRDI alto, un concello non poderá autorizar a utilización de artefactos pirotécnicos
- d) O distrito forestal é o competente para a autorización da utilización de artefactos que levan aparelado o uso do lume.

21) O PLADIGA 2023 esta composto por catro plans; ¿cal dos seguintes NON se integra no PLADIGA?

- a) Plan de Formación.
- b) Plan de Prevención
- c) Plan Territorial de Emerxencias de Galicia
- d) Plan de detección, disuasión, investigación e medidas correctoras.

22) ¿Cal das seguintes actuacións NON está contemplada nos Convenios coas entidades locais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais?

- a) Participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba.
- b) Realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado.
- c) Actuacións preventivas en vías de titularidade municipal en zonas declaradas PARI
- d) A contratación durante 3 meses de brigadas, para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa contra os incendios forestais, así como actuacións preventivas.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

23) ¿Cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) Nun lume de nivel operativo C (lume complexo) o Director Técnico de Extinción deixa de ser o máximo responsable da organización do mesmo.
- b) O Director Técnico de Extinción non poderá solicitar medios ao CCD para a súa incorporación ó lume.
- c) O Director Técnico de Extinción poderá establecer as figuras de Xefe de Operacións Aéreas (XOA) e instaurar un Punto de Recepción de Medios (PRM) con persoal auxiliar asociado.
- d) O Xefe de Operacións Aéreas (XOA) asumirá as funcións do Director Técnico de Extinción nun lume de nivel operativo C (lume complexo)

24) No PLADIGA 2023, o número de localizacións de Brigadas Helitransportadas, en época de risco alto, ascende a:

- a) 6 localizacións de brigadas helitransportadas
- b) 10 localizacións de brigadas helitransportadas
- c) 12 localizacións de brigadas helitransportadas
- d) 16 localizacións de brigadas helitransportadas

25) O modelo de combustible nº7 de Rothermel, caracterízase polas seguintes condicións, indique a resposta correcta:

- a) Mato denso pero baixo, de altura non superior a 0,6 m.
- b) Mato inflamable de 0,6 a 2,0 m de altura, que propaga o lume baixo arborado.
- c) Restos leñosos orixinado naturalmente, incluso leña grosa e presenza de vexetación e mato.
- d) Mato ou árbores moi densas duns 2 m de altura con continuidade horizontal e vertical de combustible.

26) Os modelos de combustibles de Rothermel clasifícanse en catro grupos. Sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) Os modelos de pasto son o 3,4 e 5
- b) Os modelos de mato correspóndense cos 8, 9 e 10
- c) Os modelos de restos de cortas e operación silvícolas son os 11, 12 e 13
- d) Os modelos follaxe baixo arbolado son os comprendidos entre o 5 e o 8.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

27) As principais diferencias entre os modelos de hidroavión Canadair CL-215T e o Bombardier 415 consisten en:

- a) A velocidade máxima de voo.
- b) A capacidade total de auga que poden transportar
- c) O número de comportas que teñen para a descarga da auga
- d) Tódalas respostas son correctas.

28) En extinción de incendios forestais, as siglas OCEL correspondense con:

- a) Orientación, Comunicación, Escape e Lugar seguro
- b) Observación, Comunicación, Escape e Lugar seguro
- c) Obediencia, Comunicación, Escape e zona segura.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

29) A principal vantaxe da construción de liñas de defensa con maquinaria pesada é a seguinte:

- a) Necesidade de planificación da liña de defensa con tempo de antelación.
- b) A rapidez na execución da liña de defensa
- c) A complexidade das operacións de traslado de maquinaria
- d) Todas as respostas son incorrectas

30) Os métodos de combate nos incendios forestais poden ser os seguintes:

- a) Ataque directo, ataque indirecto, ataque paralelo, e ataque incipiente.
- b) Ataque directo, ataque indirecto, contralume e ataque paralelo.
- c) Ataque directo, ataque indirecto, ataque manual e ataque mecanizado.
- d) Ataque directo, ataque indirecto, ataque con retardante.

31) A tarefa de incluír todos os datos dun lume na aplicación Xeocode e estimar a superficie queimada, correspóndelle a:

- a) Centro de Coordinación Provincial
- b) Centro de Coordinación Distrito
- c) Unidade de Directores de Extinción
- d) Unidade de Investigación de Incendios Forestais

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

32) Segundo o artigo 20 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, indique cales das seguintes infraestruturas xera unha faixa primaria de xestión de biomasa:

- a) Os centros de telecomunicacións
- b) Os polígonos industriais, parques e equipamentos sociais
- c) As liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica e de gas natural
- d) As rede de vías forestais, como camiños, vías, pistas forestais, etc

33) A aplicación oruxmaps permite:

- a) A visualización de mapas online sen necesidade de conexión a internet
- b) A visualización de mapas offline sen necesidade de conexión a internet
- c) A visualización de mapas offline con conexión a internet
- d) As respostas b) e c) son correctas

34) ¿Para qué se utiliza o modo de debuxo Orto?

- a) Para trazar liñas dependentes en diagonal
- b) Para trazar cadrados ou círculos perfectos no centro da Zona gráfica
- c) Para trazar liñas ou desprazar obxectos so horizontal ou verticalmente
- d) Ningunha das anteriores

35) ¿Qué tipoloxía de arquivos podemos empregar en QGIS?

- a) .dwg
- b) .dxf
- c) .acad
- d) Todas son correctas.

36) Na aplicación de orzamentos Presto, ¿a qué concepto da seguinte lista corresponde esta definición: "Rendemento ou cantidade orzamentada"?:

- a) Ud
- b) Pres
- c) ImpPres
- d) CanPres.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

37) ¿Cal das seguintes, en base ao definido polo artigo 29 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, NON é unha obriga dos traballadores en materia de prevención de riscos?:

- a) Poñer fóra de funcionamento de xeito inmediato calquer dispositivo ou medio de protección das máquinas e equipos que non funcionen axeitadamente.
- b) Usar correctamente os medios e equipos de protección colectiva e/ou individual existentes en función da actividade e o lugar de traballo no que ésta teña lugar.
- c) Informar de inmediato á/ás persoas designadas en materia de prevención, de calquera situación que entrañe un risco para a seguridade e saúde dos traballadores.
- d) Usar axeitadamente as máquinas, aparellos, ferramentas, substancias, equipos e calquer medio cos que desenvolvan a súa actividade.

38) En materia preventiva, ¿quen ten a responsabilidade de elaborar e custodiar a documentación de prevención de riscos laborais?:

- a) A autoridade laboral e os representantes dos traballadores.
- b) O empresario.
- c) A autoridade laboral únicamente.
- d) Todos os participantes do labor preventivo: empresario, representantes e a autoridade laboral

39) A clasificación das funcións da actividade preventiva ven establecida nos artigos 34 e seguintes do R.D. 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servicios de Prevención. Actuar en caso de emerxencia e primeiros auxilios xestionando as primeiras intervencións ao efecto considérase:

- a) Unha función de nivel básico.
- b) Unha función de nivel intermedio
- c) Unha función de nivel superior.
- d) Unha función de nivel excepcional.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

40) En materia de vixancia da saúde, contemplada no artigo 22 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, ¿cal das seguintes afirmacións é INCORRECTA?:

- a) O empresario garantirá aos traballadores ao seu servizo a vixancia periódica do seu estado de saúde, en función dos riscos propios do traballo, sempre que o traballador preste o seu consentimento e salvo casos excepcionais.
- b) Deberán facerse ditos servizos respetando sempre o dereito á intimidade e dignidade do/da traballador/a e a confidencialidade de toda a información relacionada co seu estado de saúde.
- c) O acceso á información médica de carácter personal unicamente poderá facilitarse ao interesado/a e excepcionalmente aos departamentos de recursos humanos para que non podan ser usados con fins discriminatorios nin en prexuízo dos mesmos.
- d) As medidas de vixancia e control da saúde dos traballadores levaranse a cabo por personal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditadas.

41) ¿Qué risco indica a seguinte simboloxía, en materia de prevención de riscos laborais?:



- a) Risco/perigo de intoxicación por produtos químicos.
- b) Risco/perigo de materiais radiactivos.
- c) Risco/perigo de produtos biolóxicos.
- d) Risco/perigo de material explosivo.

42) Se unha empresa conta con 750 traballadores, segundo o artigo 35 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais. ¿Cantos Delegados de Prevención debería ter?:

- a) 2 delegados de prevención
- b) 3 delegados de prevención
- c) 4 delegados de prevención
- d) 5 delegados de prevención

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

43) Os Índices de Risco Diario de Incendios na Comunidade Autónoma de Galicia, para a época de perigo baixo, son:

- a) Baixo-Medio-Alto
- b) Moi baixo-Baixo-Moderado-Alto
- c) Baixo-Moderado-Alto-Moi Alto-Extremo
- d) Baixo-Moderado-Alto-Extremo

44) Os remuíños de lume son un síntoma de lumes de tipo:

- a) Convectivos
- b) Orográficos
- c) De pastos
- d) De vento

45) A combinación de factores que definen os grados de aliñación dun lume, segundo o método Campbell, son:

- a) Temperatura, humidade e vento.
- b) Orientación, vento e pendente.
- c) Calor, osíxeno e combustible.
- d) Combustible, vento e pendente.

46) Segundo os modelos de combustibles de Rothermel, a carga de combustible total en t/ha:

- a) Nos modelos de pasto vai de menos carga no modelo nº1 a máis carga no modelo nº3.
- b) No grupo de matorral, o modelo 4 ten máis carga de material que o modelo nº7
- c) No grupo de restos de folla, vai de menos carga no modelo nº 8, a máis carga no modelo nº10.
- d) Todas as respostas son correctas.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

47) A Xunta de Galicia dispón de unha Rede de Vixilancia Forestal para a detección precoz dos incendios forestais que:

- a) No ano 2001, implanta unha rede de cámaras para a vixilancia dos montes.
- b) As cámaras non serven para a detección de incendios, soamente valen para exercer unha disuasión.
- c) No ano 2022 a Xunta reforza a rede de vixilancia con máis cámaras e DRONS.
- d) Na actualidade, únicamente se empregan DRONS para a rede de vixilancia do monte galego.

48) O despacho da aeronave de Coordinación de Medios Aéreos, ¿cando poderá ser activada?:

- a) Cando o lume sexa nunha zona fronteiriza con Portugal, ou outra comunidade autónoma, na que exista risco de que o incendio pase a Galicia; ou haxa concorrencia de medios aéreos doutros dispositivos.
- b) Cando nun lume coincidan dúas aeronaves de características distintas, sendo unha delas de ala fixa e outra de ala rotatoria.
- c) Cando se mobilice un, dous ou ata tres avións lixeiros para o mesmo lume.
- d) Todas son correctas.

49) Tendo en conta a rede de comunicación TETRA, o incendio forestal xestionarase:

- a) Nun grupo de extinción en modo TMO
- b) Nun grupo directo de extinción DMO
- c) Nun canal simplex
- d) Nun canal semiduplex

50) Entre as ferramentas empregadas en incendios forestais, destaca polas súas características, e por ser de máis recente incorporación:

- a) Pulaski, que ademais é a máis robusta.
- b) McLeod por ser imprescindible en lumes con eucaliptos.
- c) Gorgui que foi inventada en España.
- d) A mochila extintora con bomba de dobre efecto.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

PREGUNTAS DE RESERVA

1) No ano 2023, entre outros, os medios materiais asignados polo MITECO a Xunta de Galicia, foron:

- a) Avións de vixilancia e helicópteros de coordinación.
- b) Hidroavións operados polo Grupo 43 do exército do aire e a U.M.A.P.
- c) Cisternas nodriza e a U.T.A.
- d) Helicópteros de vixilancia e maquinaria pesada.

2) As cisternas nodriza da Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA), que se poñen a disposición da Consellería do Medio Rural, para o emprego en incendios forestais, cumpren as seguinte condicións:

- a) A AXEGA non ten convenio de colaboración co servizo de incendios forestais.
- b) Dispoñen dunha capacidade de transporte de 30.000 litros de auga.
- c) As nodrizas da AXEGA soamente atenden incendios industriais ou urbanos de gran envergadura.
- d) Todas son correctas

3) Entre as operacións e actuacións básicas do método indirecto de extinción, podemos ter:

- a) Liñas de defensa
- b) Liñas de defensa temporal: cortalumes químicos.
- c) Queimas de ensanche. Queimas de seguridade.
- d) Todas son correctas.

4) ¿Cal dos seguintes equipos non está considerado equipo de protección individual?

- a) A roupa de traballo e os uniformes en xeral.
- b) O mandil de protección contra raios X.
- c) O buzo ignífugo para traballo en incendios forestais
- d) Os tapóns de protección auditiva.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

POSTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Enxeñaría Técnica Forestal/Agrícola ou equivalente (MECES 2)

5) ¿Qué tipos de tramitación de expedientes de contratación se contemplan na Lei de Contratos do Sector Público Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público?

- a) Ordinaria, de urxencia e de emerxencia
- b) Ordinaria e de urxencia
- c) Ordinaria e de excepcionalidade
- d) Ordinaria e de emerxencia

PRUEBA DE CONOCIMIENTOS – IDIOMA CASTELÁN

PUESTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DEL MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET) (2D)

Perfil: Ingeniería Técnica Forestal/Agrícola o equivalente (MECES 2)

- 1) **¿Cuál de las siguientes NO es una función de la presidencia de un órgano colegiado, segundo el establecido por el artículo 16 de la Ley 16/2010, de 17 de diciembre, de organización y funcionamiento de la Administración general y del sector público autonómico de Galicia?**
 - a) Aseverar el cumplimiento de las leyes y decretos.
 - b) Redactar los actas de las sesiones, visarlas y certificar otro tipo de acuerdos.
 - c) Moderar el desarrollo de los debates y suspenderlos por causas justificadas.
 - d) Fijar el orden del día sin considerar aquellas peticiones que habían podido provenir de los miembros del órgano, cuando así lo considere oportuno.

- 2) **El uso de medios electrónicos por parte de los órganos colegiados está regulado:**
 - a) En la Ley 16/2010, de 17 de diciembre, de organización y funcionamiento de la Administración general y del sector público autonómico de Galicia.
 - b) En la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.
 - c) En ninguna de las anteriores.
 - d) En ambas Leyes

- 3) **Según el DECRETO 79/2023, de 22 de junio, por el que se fija la estructura orgánica de las vicepresidencias y de las consellerías de la Xunta de Galicia. ¿Cómo se estructura la organización de la Administración General de la Comunidad Autónoma de Galicia?**
 - a) En la Presidencia de la Xunta y 11 Consellerías, dos de las cuales ostentan rango de Vicepresidencia primera y segunda.
 - b) En 7 Consellerías, dos Vicepresidencias y la Presidencia de la Xunta.
 - c) En la Presidencia de la Xunta y 9 Consellerías, además de los órganos institucionales de la Xunta.
 - d) En la Presidencia de la Xunta, una Vicepresidencia y 11 Consellerías

PRUEBA DE CONOCIMIENTOS – IDIOMA CASTELÁN

**PUESTOS: TÉCNICOS MEDIOS PROTECCIÓN DEL MEDIO RURAL (15-TM-PM-ET)
(2D)**

Perfil: Ingeniería Técnica Forestal/Agrícola o equivalente (MECES 2)

- 4) **En materia de representación en un procedimiento administrativo, regulada por el artículo 5 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, ¿cuál de las siguientes afirmaciones es correcta?:**
- a) Los interesados podrán actuar por medio de un representante en los casos en los que el procedimiento indique manifestación expresa en contra de los mismos.
 - b) Las personas jurídicas podrán actuar en representación de otras ante las Administraciones Públicas aunque no esté indicado en los estatutos.
 - c) La representación podrá acreditarse mediante cualquiera medio válido en Derecho que deje constancia fidedigna de su existencia.
 - d) Para los actos de mero trámite se exigirá explícitamente apoderamiento *apud acta*
